



Vista a solicitude realizada por vostede con data 15 de decembro de 2011, en relación coa normativa que regula o transporte sobre vehículos ou remolques das pezas de caza maior abatidas, dende o lugar onde se cobran, ata os locais onde se procede á súa preparación para o seu consumo posterior por parte dos participantes nas cacerías, prácese informarlle:

1. Que cando o destino da carne das pezas cobradas é o autoconsumo, nesta comunidade non existe unha norma ambiental ou de sanidade animal que imponha unhas condicións especiais para o transporte das pezas de caza cobradas.
2. Que cando o destino das pezas de caza é a comercialización, hai que ter en conta o establecido no anexo III, sección 4ª, capítulo II do regulamento comunitario 853/2004, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2012.

O Subdirector Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Asdo.: Emilio Rosa Solana



Don Florencio Blanco Conde
Estrada de Cerdedelo nº 41
32620 – Laza
Ourense